

Raúl e Dans confesan

» Título: [Confesi3ns dun practicante](#)



» Escritor/a:

[Raúl Dans \(lg3_autor_detalle.php?Cod_prsa=518&busca=Raúl Dans\)](#).

» Ed. [Tris Tram \(lg3_editorial_detalle.php?Cod_cmpna=47&busca=Tris+Tram\)](#).

» Ano: 2004

» Xénero: [Biográficos \(resultados_prdccn_xenero.php?xenero=biogr\)](#).

» Coleccion: Máscaras

Raúl Dans reúne nestas aventuras dun dramaturgo en Galicia" unha presa de textos de variada condición sobre o universo do teatro, e sobre o proceso de creación do texto dramático: desde a autobiografía ao diario, pasando por sucesivas e suxerintes aproximacións a unha poética e irónicas indagacións sobre a necesidade e a crise do teatro. Unha obra na que o escritor confesa as súas teimas e inquedanzas facendo pública a súa alma.

12 / 9 / 2005

Inma López Silva. Santiago

Levaba eu un par de meses dándolle voltas a cómo traducir do francés ao galego a palabra praticien, referida aos artesáns da fábrica do teatro, a aqueles que teñen por actividade e por vida o escenario e todo o que o rodea. Daquela quixo a sorte (porque foi sorte) topar na morea de libros por ler (críticas, investigación, recensións múltiples), un que se titulaba Confesiões dun practicante e absolutamente recomendado polo seu propio editor, a quen, malia ser editor, sempre considerei de fiar. Aí estaba a resposta, de qué viña sendo un praticien, o practicante que titulaba a obra e que ata ese momento me parecía imposíbel para a miña tradución e que semellou converterse en palabra clave doutros libros. A obra de Raúl Dans deume unha lección sobre os significados e as diversas acepcións do practicante, unha explicación sincera, irónica e orixinal nun xénero (non sei se xénero é boa palabra) desde logo ausente da escrita ensaística galega, e quizais non tan ausente noutras literaturas (anglosaxona, francesa) nas que saben que o ensaio é un eido apaixonante onde botar a alma. E daquela sentín un orgullo con toques de fachenda: era un home de teatro quen daba con esa forma apreixadora de escribir ensaio. Un dos meus. E por unha vez na vida, aledeime de ter que escribir sobre un libro. Por sorte, a propia obra esixe un comentario que tampouco se pode axustar, quizais, á ortodoxa crítica sisuda.

Raúl Dans rompe coa ortodoxia en Confesiões dun practicante. Efectivamente, o libro oscila entre a compilación de ensaios, a

autobiografía, as memorias e a confesión, todos eses xéneros que tantos problemas nos dan aos teóricos, que xa rompemos a cabeza con Santo Agostiño, Montaigne, unha chea de actores de Hollywood e co mellor de todos, Roland Barthes. Dans adéntrase nese eido esvarento entre a realidade e a ficción, entre o improbable dos discursos escritos, tocados directamente pola esaxeración, a selección, a ironía, o sobreentendido, nun texto que, coma o do teatro, semella escrito nunha dobre enunciación: por unha banda, están os ensaios propiamente ditos, os once escritos de carácter heteroxéneo sobre diversos aspectos da súa actividade dramatúrxica, sempre desde unha perspectiva persoal, e sempre vertendo unha ollada máis ou menos analítica sobre si mesmo (que fai un autor de teatro, o oficio de guionista, o traballo na televisión, as xeracións teatrais na dramaturxia hispánica, o teatro en Galicia, a montaxe de Lugar, etc.). Pero por outra parte, como se se tratase de acoutacións ou de indicacións de guión, Dans retoca a obra sempre inacabada, engade, quita, corrixe a través dunhas notas ao final que se converten noutro texto, noutra obra que completa a primeira. O conxunto esixe, logo, a complicidade dun lector a quen Raúl (aquí procede chamarlle polo nome) fala ao ouvido.

O particular de entre o xeral

Tan de preto nos fala, que nin sequera a esta crítica de libros e espectáculos lle resulta fácil aplicarlle o método máis ou menos empírico de análise do texto (sería como descuartizalo, quizais). Tódolos textos (os de letra grande) están escritos con motivos concretos (conferencias, congresos, encontros), agás un anaco dun diario que enlaza ben eses escritos públicos co eido do aparentemente privado que rematan por ser as súas reflexións persoais en nota a rodapé. Dependendo do grao de curiosidade do lector, haberá temas que lle interesen dun xeito ou doutro. Imos cun exemplo: sei positivamente que a min deberan interesarme eses ensaios nos que Dans reflexiona sobre os problemas do teatro galego, sobre o seu acordo ou desacordo co termo de xeración, sobre a sorpresa do dramaturgo perante a posta en escena, sobre o nacemento e o pulo do audiovisual galego ou sobre o seu propio proceso de escrita, a construción da obra, a relación coa literatura. Pero non podo evitar que me saian nas conversas con familiares, amigos e outros críticos eses textos nos que Raúl confesa as súas teimas persoais con sinceridade (non é fácil que un escritor conte que lle gustaría ser recoñecido, ou que relate tanto os momentos de autoestima

coma os da dúbida persoal que o conducen ao desexo inexplicábel de apreixar ideas), a súa relación co escenario (aquí e alá, Raúl relata por qué deixou de ser actor, despois do éxito en O mozo que chegou de lonxe), as súas paixóns (algúns aínda comemos ese regaliz enredado, e escoitamos ese rock que trae lembranzas, e os libros e os xogos cos amigos da infancia), o amor (será o amor quen o leva a definir a súa vida en función da fidelidade, a tenacidade, e o pesimismo que se converte en optimismo feliz, como se indica nun cuestionario que lle responde a Maria Josep Ragué?), a súa historia familiar (fascinante o relato do señor Dans pai traballando como xefe de almacén dunha produtora, ou o antecedente familiar da tía actriz de dobraxe), os seus medos, inquiredanzas (unha relación amor-odio co trankimazín coa que moitos achamos identidades persoais, a dúbida, a depresión) e a construción de si mesmo como persoa (desde a adolescencia e o coqueteo coas drogas libertarias dos oitenta, ata a actual vida familiar, todo plagado de cambios).

Quizais aos meus editores lles pareza que isto que escribo agora non é recensión, nin comentario, nin crítica. Sei que saben que o libro esixe algo así. Ás veces, cando falo de Confesiós dun practicante non me sae a voz da crítica teatral, senón a da escritora, quizais cun aquel de corporativismo e, desde logo, con total comprensión. Por que? Pode ser porque Raúl Dans foi quen de expresar con palabras algunhas das cousas que os escritores, malia vivirmos do uso da palabra, somos incapaces de verbalizar. É como permitir que lle fuchiquemos na alma e nas esperanzas. E ante iso, parece que a crítica traizoa a escritora se destroza a obra deste autor con sisudas análises que nunca darán conta do que verdadeiramente se di neste libro.